

## ENTREVISTA A ISOLINO LORENZO



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

<b>NOME DO DOCUMENTO:</b>	MPG_CaRi_0006_B_id3580_D
<b>AUDIO DE REFERENCIA:</b>	MPG_CaRi_0006_B_id3580.mp4
<b>TIPO DE DOCUMENTO:</b>	Etnográfico xeral
<b>MATERIAL DISPOÑIBLE:</b>	Ficha de contexto e transcripción. Vídeo resumo editado mp4.
<b>DATA DE RECOLLIDA:</b>	martes, 17 de outubro de 2023
<b>LOCALIZACIÓN:</b>	
<b>Localización:</b>	<a href="#"><u>Astilleros Triñanes S.L.</u></a>
<b>Lugar:</b>	O Chazo
<b>Parroquia:</b>	Abanqueiro (San Cristovo)
<b>Concello:</b>	Boiro
<b>Provincia:</b>	A Coruña
<b>INFORMANTE:</b>	
<b>Nome:</b>	José Isolino Lorenzo Rey
<b>Idade no momento da recollida:</b>	84 anos
<b>Lugar e data de nacemento:</b>	Landeiras, Bealo (Boiro), 26 de febreiro de 1939
<b>Ocupación:</b>	Mestre carpinteiro de ribeira
<b>COLECCIÓN:</b>	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)
<b>ENTREVISTA REALIZADA POR:</b>	Isabel Vigo Rodríguez (APOI-MPG)
<b>GRAVACIÓN REALIZADA POR:</b>	Fernando Portela e Thomas Harris (IMACO)
<b>EQUIPO DE GRAVACIÓN:</b>	Sony FX6 e Sony A7SIII
<b>ASISTEN Á GRAVACIÓN:</b>	Gerardo Triñanes, Lita Places (AGALCARI) e a filla do entrevistado.
<b>DURACIÓN:</b>	11'56"

**CONTEXTO:**



Vídeo editado das entrevistas realizadas a mestres carpinteiros de ribeira para o *Proxecto de Rexistro e salvagarda do conxunto dos saberes patrimoniais arredor da carpintaría de ribeira* (SI-2023-0245.INT) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, adxudicado á Asociación Galego de Carpintería de Ribeira (AGALCARI).



A gravación completa (0:52:46) pode consultarse, de xeito presencial, no Museo do Pobo Galego así como a copia deste vídeo editado en maior resolución.

**PALABRAS CHAVE:** carpintería de ribeira , embarcacións tradicionais

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN:** Isabel Vigo Rodríguez

**TRANSCRICIÓN DO VÍDEO EDITADO:**

Na nosa casa éramos tres irmáns e os tres fomos carpinteiros, carpinteiros de mar, eh. Traballamos alí na Ponte Beluso no taller de Forján. Que hai moitos anos xa. Entonces, pois eu despois, antes deso, xa eu iba ao estaño, de rapaz.

Despois fun para unha fábrica de madeira que é a fábrica de Bico de Mar que queda alí na Punta Beluso, e entón deixei de ir ao estaño e fun para a fábrica.

Despois eu daquela xa tiña 17 anos, case 18 anos. Entón meu irmán, que era o máis vello ca min, xa estaba alí traballaba no taller de Forján que era carpintería de mar coma esto<sup>1</sup>. E entón díxennlle se me metería alí que era da familia nosa aínda e díxome que si, que non había problema. Entón fun para alí para o taller. Alí non había seguro, alí non tiña seguro nin nada e ganaba eu 13 pesetas daquela, na fábrica e empecei ganando alí outras 13 pesetas. E un home ganaba 26 pesetas daquela, un home, un serrador que era un oficial de primeira. E eu que andaba cos pinos ao lombo, a estornar ? pinos e subilos para o carro ganaba 24 pesetas, dúas pesetas menos. Botei alí hasta os 18 anos, aínda non tiña os 18 anos.

De verdade que me caeu ben o oficio, o oficio caeume moi ben e entón meteu un aparato de serra, un carro largo, chámase un carro largo de que serraba madeira larga e daquela os que serraban eran os serradores co serrón de man dous embaixo e un de riba co serrón de man. Pero eu facía, os serradores serraban dous carballos e despois eu, como viña da fábrica, meteume a min jefe do aparato. Eu era o serrador de 18 anos, fíjate ti un rapaz eh.

<sup>1</sup> Refírese a Astilleros Triñanes, onde se realiza a entrevista.

E bueno, pois traballei hasta os 20 anos alí e despois fun para a Marina.

E cumplín e despois eu, claro. Como en Holanda daquela se ganaban cartos

Marchei para Holanda

Eu caseime, de casado botei un ano de casado na casa e despois marchei outra vez para Holanda.

E despois decidín quedar na casa. Empecei a facer gamelas, o meu oficio pero dicíame un alí “Mira, as gamelas non dan cartos, meu sogro leva 20 anos facendo gamelas e non ten chica. Ten un serrón e máis unha machada.”

E entonces eu despois, facería dez gamelas e dixen “Teño que deixar esto, ten razón que non é choio.” Ganabas un xornal, ganábalo claro. E despois dediqueime a reparar barcos, algúns que viñan á forza a ver se lle reparaba o barco, a meterlle unha tabla ou aparejalo ou un bordo ou tal. Unha emergencia, logo non.

E despois empecei, metinme nas bateas. Metinme nas bateas. Mira, os primeiros caixóns que se meteron nas bateas metinos eu e máis un home de Corón que morreu casualmente nun viaxe.

Cas bateas empecei con 40 e tantos anos.

E as primeiras vigas que se meteron no mar, as vigas principais das bateas eso metinas eu.

Entonces, eu empecei facendo bateas e fixen moitas bateas. As bateas era un choio que a min pois dábase ben e iba ver a madeira ao monte e iba mirar a madeira ao monte e había algún que quería madeira máis ordinaria, outro quería madeira boa e máis eu sabía cal era a madeira boa e máis a mala. Eu teño unha batea en Palmeira que ten 30 anos e está no mar aínda, cambiáronselle as vigas principais. Porque as vigas principais son as que van abaixo na agua, entonces chégalle máis o mar cando están cargadas e entonces o mexillón come as vigas, vai comendo as vigas e chégalle. Eu metinlle as vigas e aínda está a batea no mar. Pero vai no encavillamento, hai moitas cousas na batea. Todo o mundo pode facer bateas pero coma min non houbo ningún que as fixera porque eu eran 3 homes a darlle a unha cavilla. Eu barrenaba, daquela tiña unha máquina de barrenar que foi a primeira que veu para aquí. Porque había unhas máquinas que eran de facer covas nada máis entre dous, de facer buratos na terra. E levantábase e levaba unha rosca grande, un covo para meter o árbol e despois meterlle terra e despois xa estaba. Eu comprei unha máquina desas da primeira que veu para aquí. E entonces claro, de barrenar á man a barrenar ca máquina eso bueno. E bueno, empecei así e douseme bastante ben.



Museo do Pobo Galego



Instituto de Estudos das Identidades

As bateas de madeira antes facíanse ao revés. Facíanse, poñíanse ca boca para abaixo porque non había palas de aquela, non había palas boas para andar coas vigas e nas mareas poñíanse ao tanto máis ou menos e calzábanse e poñíanse á medida e despois barrenábanse desde fóra e encavillábase ao revés e despois dábaselle a volta, metíaslle unha viga por baixo ou dúas e despois íbanse a virar ao mar e despois e cando se poñía enriba. Pero xa non había, non estaban preparados, non había armamento, daquela non había nada.

Eu empecei xa con unha pala para botar as vigas e os caixóns que pesaban moito. Caixóns de 5 metros pesaban 5 toneladas ou 6 e ten que ser unha pala competente. E daquela os caixóns de madeira facíanse a nadar e poñíanse máis ou menos á medida. E despois poñíaslle as vigas principais na marea, ao lado, metíaslle as vigas principais que armábanse ao revés e despois levábanse ao mar para darlle a volta á batea. E quedaban para arriba para acabar de facer a batea. Meterlle o ripado e todo eso e despois tapábanse e todo eso que estaban furados. Estaba en agua e chegaba o mar e enchían os caixóns e a batea non se movía. Non facía falta amarrala. E despois salíalle a agua e poñíase ben, ao nadar un pouquiño e despois ... e xa iba ao fondo. E aí quedaba. E o outro asunto de armar non era coma agora. A batea de ferro armábase e xa salía nadando. Un día, medio día.

Hoxe está moito máis mecanizado pero daquela facer os caixóns de madeira era moito traballo, demasiado. Facer os caixóns de madeira daba moito traballo e despois aínda había que meterlle cavillas, buh, mimadre querida. Sempre se poñían polas vigas principais e despois, eu empecei daquela, cando eran bateas de madeira, empecei a meterlle, facer unha encanizada por dentro para non andar a quitar o caixón, porque para quitar o caixón fai falta outro que quepa no sitio. Metíalle unha encanizada de madeira por debaixo da viga principal e enchía todo de cemento, por dentro da viga, e entón non metía agua. Porque tapáballe o burato, o cemento tapaba o burato todo e as cavillas non metían agua porque as vigas principais íban por debaixo das de través que íban por riba. Encavillaban unha a un xeito e outra así (fai o xesto coas mans). Os das cavillas principais íban todas ao fondo ou polas cubiertas. Polas cubiertas tamén cando máis tempo viñan, antes de maio xa íban as bateas ao fondo. As bateas novas, principalmente as novas. Por que? Por que íban ao fondo as bateas novas de madeira? Porque abríalle as cubiertas, as cubiertas de arriba abrían co calor e estaban abertas así (sinála cos dedos a distancia) e entón chovía ou viña unha tronada e metía agua, metía agua e íban indo para abaixo e canto máis agua máis íban. Agora veu o ferro e acabou todo eso. Eso xa se acabou.

Se a batea está moi mollada a batea dura máis tempo porque a agua salada conserva a batea.



Eu iba escoller as vigas, escoller as vigas feitas despois. Porque había xente que quería mellor madeira ou menos madeira, vigas de 40, outro de 35, entonces a viga de 40 ten que ter unha madeira algo responsable. E eu conozo bastante ben a calidad da madeira. Se non ten serna ningunha non é boa e a serna non é moi boa para o mar, eh. Porque o bicho nesa serna cómeo nun instantiño, a outra non. Despois a madeira no mar hai que tratala con algo de pichi para non caer pola batea. Agora xa non se da pichi porque xa non permiten eso e en fin, o mundo é así.

Os palillos das bateas eran os que se lle metían ás cordas, para aguantar o mexillón. Antes había palillos de madeira, empalillabas con pedazos de madeira e agora viñeron os palillos de plástico. E entonces o plástico xa dura máis. Dura máis porque non se gastan.

Podían ser de eucalipto, de mimosa, podían ser de carballo, podían ser de calquera cousa. Os paus que foran así deste largo así e xa estaba. E os de plástico xa veñen á medida e non fai falta andar aos palillos como andabamos antes. Antes para palillos vaía calquera cousa. E se era de toxo mellor, o toxo é moi malo de criar. Para ter un palillo eso dura unha barbaridad.

O eucalipto máis duradeiro era o que tiña nudos para certos traballos. Para vigas principais non era bo, para vigas de batea non é bo porque a batea tembla moito, ten que traballar a todos os sentidos pero nun barco vai ríxida case sempre. E esa madeira para barcos é boa, moi boa madeira para sobrequillas dos barcos é moi boa madeira. A sobrequilla dos barcos eran case todas de eucalipto porque o carballo non ten ese largo coma o de eucalipto. Para barcos si, era de eucalipto toda pero o eucalipto canto máis vello sea máis serna ten, máis fortaleza ten. O eucalipto novo que se cría nunha charqueira pois non ten serna ningunha, todo é.

As gamelas eran de pino que non teña nudos se non os bordos non viran, rompen, polos nudos xa sabes o que é. A madeira con nudos rompe e para os barcos igual. Non pode ter moitos nudos se non polo nudo poden fallar.

Para as gamelas bordos de madeira de centímetro e medio, centímetro e medio para as gamelas os bordos. Despois a tabla de baixo era de dous centímetros e medio ou de 3 ou de 4, de 4 non, de 4 xa é moito, será moi pesada. E as gamelas son boas de facer, a gamela faina calquera o que pasa que unhas salen máis bonitas e outras máis feas. Había que saber darlle o seu...

A gamela non leva molde, todo vai a ollo máis ou menos. Fas a estampa de popa, fala proa e despois moldeala ti, dáslle máis volta ou menos volta, máis ancho ou máis estreito, según como queiras facer. Para un barco si, un barco xa é diferente xa leva as cuadernas, hai que riscalo abaixo, marcalo e facer un molde do barco e por ese molde fanse moitos barcos iguais depende.

Eu fixen gamelas si, fixen gamelas.



Museo  
do Pobo  
Galego

Era o barco que podía facer eu nun alboio. Eu teño un alboio de 30 metros pero o barco ao mellor non. Alí non cabía un barco. E máis xa hai que saber riscar o barco, facer o modelo e todo eso. Ten máis aprendizaxe.



instituto de  
estudos das  
identidades

Todo nunca se sabe, sempre se sigue aprendendo.